# FEIRA DE PRODUTOS TRADICIONAIS DA EURORREXIÓN

GALICIA E NORTE DE PORTUGAL

30 E 31 DE XULLO NA CIDADE DE LUGO



TRADICIÓN E EXCELENCIA

## A FEIRA DE PRODUTOS

O Eix Atlántico no ámbito do seu programa de actividades para a promoción e venda de produtos tradicionais da Euro Rexión promove na Horta do Seminario na cidade de Lugo, a Feira de Produtos Tradicionais da Euro Rexión, Galicia e Norte de Portugal. O Eixo Atlántico organiza cada ano este tipo de eventos promocionais e son moitos e variados os produtores que participan na promoción de produtos tradicionais da Galiza e Norte de Portugal, e están representadas unha grande variedade de produtos: viño, sidra, mel e doces tradicionais , pans, tortas, etc. Son algúns exemplos de produtos os que participan da área de Valdeorras como viño ou doces, tambén participan compotas e queixos das rexións do sur da provincia de Lugo, ou doces e sobremesas de Chaves que tamén teñen un recoñecido prestixio entre o público habitual das feiras..

FEIRA DE PRODUTOS TRADICIONAIS DA EURORREXIÓN EN LUGO

30 E 31 DE XULLO



# STANDS GRATUITOS

O stand é gratuíto para os produtores. O deseño do stand é tipo " jaima" perfecto para acoller produtos gastronómicos. Ademais conta cunha zona frontal de sombra que axuda a manter frescos os stands e visualmente forma un conxunto que chama a atención. Nas imaxes a seguir podedes ver como son os stands. Recordarvos que a organización faise cargo dos gastos do stand e mobiliario (mesa, cadeira e estantería). Os gastos de traslado, dietas e pernocta non están incluidos.



**MONTAXE NA LOCALIZACIÓN**

# A HORTA DO SEMINARIO

Para a localización da Feira de Produtos Tradicionais foi pensado a Horta do Seminario na Cidade de Lugo que é unha área por onde pasa moita xente a longo do día e escenario de exposicións de contidos culturais.
A programación da Feira en canto a horarios sería de 11,00-14,30 e 18,00-21,00, 30 e 31 de xullo (horas de España).





# DISTRIBUCIÓN DO ESPAZO EN LUGO

ESTA SERÁ A DISTRIBUCIÓN DOS STANDS NA HORTA DO SEMINARIO EN LUGO. OS STANDS COLOCARANSE ATE COMPLETAR OS 20 NO ESPAZO LIBRE A SEGUIR DOS QUE PODEDES VER EN AZUL. COMPARTIRREMOS A PRAZA CUNHA EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA QUE PODEDES VER Á DEREITA EN VERMELLO E QUE DINAMIZARÁ TAMEN O ESPAZO E ACHEGARÁ XENTE ATE ESTE PUNTO.



# NÚMERO LIMITADO DE STANDS A 20

Recordarvos que o número de stands está limitado a 20 e xa son moitos os produtores que van participar, polo que debedes mostrar a vosa interese en participar o antes posíble.

# GRAZAS POLA VOSA ATENCIÓN

**ESPERAMOS QUE A FEIRA SEJA DO VOSSO INTERESSE**

Interreg España - Portugal

EIXO ATLÂNTICO DO NOROESTE PENINSULAR

CONCELLO O BARCO DE VALDEORRAS